



EL BELÉN DE BEGONTE, ESTRELLA DE LAS FIESTAS

## LA CASA DE LA NAVIDAD



Alumnos do Ceip Ramón Falcón de Castro de Rei, no museo (esquerda) e no belén (abaixo, á dereita). Nenos da gardería vilalbesa (arriba) e exposición 'Imaxes do Nadal' en Vilalba (centro).



**CORENTA ANOS DE BELÉN** ► Hai moitos nacementos espallados por Galicia, pero ningún deles logrou conquistar os corazóns da xente nin trascender o aspecto relixioso para converterse nun fenómeno social e cultural coma o belén electrónico begontino, o mesmo que nestas datas, dende hai 40 anos, converte a Begonte na capital do Nadal galego.

## Se o Neno Xesús nacece na Chaira...

TEXTO: CRISTINA PÉREZ  
FOTOS: XESÚS PONTE/C.PÉREZ

«ESTE ANO temos moitas visitas», asegura Jesús Domínguez Guizán, o párroco de Begonte, máximo responsable da apertura ó público a diario do belén electrónico máis famoso do territorio galego.

Domínguez Guizán amósase moi satisfeito co bo arranque que tivo este ano o popular nacemento, inaugurado oficialmente o sábado 3 de decembro, no que xa se formaron colas para velo, coma por exemplo durante a ponte da Constitución e, en xeral, os sábados e os domingos pola tarde hai unha gran afluencia de xente.

Esta constatación do bo estado de saúde desta iniciativa cultural, social e relixiosa prodúcese cando se cumplen 40 anos do primeiro pase deste nacemento xurdido da iniciativa do párroco José Domínguez Guizán, que lle dá nome ó centro cultural que acubilla o belén, e do mestre José Rodríguez

Varela 'Joselín', cuxa achega como artífice das figuras quedou perpetuada o ano pasado ó poñerlle o seu nome ó museo do belén.

Ningún dos dous poden xa compartir o Nadal na Chaira, pero o seu legado está garantido grazas ó traballo de persoas como José Luis Varela Lagares, colaborador habitual de Joselín, Sito Veiga Sangiao, Ramiro Cruz Gómez, que viviron a maxia do belén desde nenos, ou Carlos Torres. Eles foron os encargados, sempre co párroco Jesús Domínguez como apoio, de deseñar a montaxe deste ano, unha presentación que a xente pode ver grazas a varias veciñas de Begonte que se responsabilizan, por turnos, de atender as numerosas visitas que recibe o belén.

«Hai moita xente que repite, pero tamén hai moita que vén por primeira vez», explica Jesús Domínguez, quen sinala que as visitas en grupo se deben, principalmente, a excursións organizadas tanto nos colexios coma

en diversos colectivos, coma parroquias, asociacións de veciños, agrupacións da terceira idade...

O crego begontino tamén precisa que para moitos, a visita a Begonte e ó seu belén no Nadal é case un deber: «Hai quien se sente obrigado a vir todos os anos, para ver as novidades, descubrir algúns detalles...».

A visita vívese de distinta maneira segundo de quen sexan os ollos que miran o belén. Para os más pequenos os Reis Magos son as estrelas do belén, razón pola que saen dúas veces, case ó comezo, ó lonxe, e cara ó final, este ano cunha parada diante do portal. A neve tamén lle gusta moioto ós nenos e ás nenas: «Aínda que non se estea presente, sábase cando aparece ó oír as exclamacións dos nenos», precisa Domínguez Guizán.

Cando o público ten máis idade, está pendente doutros aspectos, coma a fidelidade coa que se crean os oficios e os traballos tradicionais ou tratando de desentra-

ñar misterios coma de onde xorde a néboa que cobre o belén. «Creo que aínda gozan máis os maiores que os propios nenos, sobre todo os que traballaron no campo e ven aquí representados eses labores», explica Jesús Domínguez.

Ir velo o belén de Begonte é coma unha tradición familiar que pasa de pais a fillos, salienta o crego. Así, os que eran nenos hai máis de 20 anos son os que hoxe acoden cos seus pequenos, a amosarles aquilo que eles descubriron nunha visita escolar ou da man dos seus propios proxenitores.

**ACTIVIDADES.** A posta en marcha do belén de Begonte conleva cada ano a posta en marcha dunha serie de actividades paralelas, da man do Centro Cultural José Domínguez Guizán, para estender a celebración do Nadal a toda a Chaira e mesmo a Lugo.

Un dos clásicos destas datas é a convocatoria dos concursos de arte, xornalismo, poesía e debuxo

infantil, que comparten o Nadal como temática para a presentación dos traballo e que reparten ó redor de 4.000 euros en premios, cuxa entrega se fai efectiva no acto de clausura do belén.

Tres destes certames, o de poesía, o de xornalismo e o de debuxo infantil son praticamente tan vellos coma o propio belén e celebran este ano a súa trixésima edición.

O Certame Nacional de Poesía sobre o Nadal conta con participantes de toda España, que optan a dous premios, un primeiro de 600 euros e un segundo de 300, ambos acompañados dunha figura de Sargadelos. A contía económica repítense nos galardóns Certame Xornalístico Begonte e o Nadal, no que participa calquera artigo publicado nun xornal. O prazo de presentación para ambos concursos péchase o día 6 de xaneiro.

O Certame de Debuxo Infantil sobre o Nadal reparte tres primei-



ros premios de 60 euros e cinco segundos premios de 30 euros nas dúas categorías en xogo: menores de dez anos e de once a 15.

O prazo para presentarse a este concurso pechou esta fin de semana, igual que o do Certame Galego de Arte José Domínguez Guizán, xurdido hai 22 anos e que reparte 1.500 euros máis unha figura de Sargadelos á obra pictórica que o xurado considere a mellor das remitidas ó concurso.

Ademais, cos cadros presentados a concurso organizarase unha exposición que poderá verse, a partir destes xoves, día 29, na sala de exposicións da Xunta de Galicia en Lugo. Unha vez pechado o ciclo na capital lucense, a mostra trasladase á casa da cultura de Begonte a partir do día 26 de xaneiro.

Esta non é a única exposición que depende do belén, xa que por estas datas tamén vén organizándose dende hai varias tempadas 'Imaxes do Nadal', unha mostra fotográfica que xa pode verse na casa de cultura de Vilalba, logo de pasar por Cospeito, e que recolle instantáneas de dez fotógrafos lucenses.

As imaxes de José Reigosa, José Federico García, José M. Guisasola, Toñi Ónega Fernández, Fernando Cago, Xosé Manuel Otero, Méndez, Miguel Calvo, Luis Engracia e Eduardo Ochoa poderán verse na capital chairega ata o día 7 de xaneiro.

## Horario Aberto ó público todos os días

Nestes días das vacacións de Nadal o belén de Begonte abre as súas portas todos os días, de 11.00 a 13.00 e de 15.00 a 19.00 horas. A partir do 6 de xaneiro, para garantir unha correcta atención ó público, aconséllase chamar ó número de teléfono 982.39.61.21.

### Clausura

O belén electrónico de Begonte pechará as súas portas ata o vindeiro Nadal o sábado 28 de xaneiro. O acto de clausura está fixado para as 17.00 horas, no centro cultural José Domínguez Guizán, e contará coa actuación da coral Polifónica de Vilalba. Neste tamén se entregarán os premios dos catro certames do belén.

### 40.000 almas

É difícil calcular a xente que pasa polo belén durante os dous meses que permanece operativo, áñada que adoitán ser ó redor de 40.000 as persoas que acoden cada ano a ver este nacemento.

# Máis dun cento de figuras danlle vida ó nacemento begontino

► O belén electrónico ocupa 80 metros cadrados e recrea a comarca chairega, con ríos e lagoas, moito verde e casas típicas

Máis de cen figuras, a metade delas animadas, ducias de edificacions, ríos, lagoas e moito, moito verde, espallados por unha superficie de 80 metros cadrados, conseguén o impensable, trasladar o nacemento do Neno Xesús no mítico portal de Belén ou o tamén tradicional castelo de Herodes a terras chairegas.

Ese é o segredo do belén electrónico de Begonte, un nacemento que garda o espírito da Chaireira en cada un dos seus rechunchos, dende o esquío que gabea a unha árbore ata a vellíña que fia ante a atenta mirada do home, pasando polo batuxo que dá voltas e más voltas na lagoa, o pescador que tenta atraer ás troitas ou as novedades deste ano: o sacristán que se aplica a tocar a campá e os madeireiros que teiman en botar abajo unha árbore.

Un pase dura aproximadamente un cuarto de hora, pero son necesarias varias visualizacións para poder apreciar cada detalle, porque a opinión dos espectadores neste sentido sempre é unanime: «Cada vez descubres algo novo». Neses 15 minutos —o mesmo tempo ó que todo o mundo ten dereito a ser famoso, segundo Andy Warhol—, reproducécese un ciclo completo, coa noite e o día.

O belén arranca de día, cheo de actividad, co carpinteiro e o ferreiro traballando, unha muller estendendo a roupa, as galínhas picoteando... e a xornalada vai transcorrendo ata que aparece o arco da vella que antecede á caída na noite, cando se acendrán as luces e chega a tronada, cos raios iluminando a noite. Un anxo aparece, anunciándolle ós pastores o nacemento do Neno Xesús. Tamén neva e saen a lúa e as estrelas, ata que aparece unha néboa que anuncia a chegada dun novo día. Xa é Nadal.

**MUSEO.** A outra parada obrigada, na porta continua do centro cultural, é o Museo José Rodríguez Varela, no que se recollen figuras e pezas, especialmente construcións que nalgún momento formaron parte da montaxe do belén, incluída unha réplica daquel primeiro nacemento que apenas ocupaba cinco metros cadrados e do que gozaron unhas 300 persoas, os veciños e dez coches, como recordaba o finado Joselín.

Precisamente o museo que leva o seu nome tamén acolle figuras alleas ó belén begontino pero

As claves do belén



### Recreación Detalles

O mérito do nacemento begontino é a fidelidade coa que recrea A Chaireira, dende os costumes ou os traballos ata a riqueza fluvial.



### Tradición Oficios

A representación dos oficios tradicionais está sempre presente na figura de fiadores, ferreiros, muíñeiro...



### Clásicos Portal e Reis

O portal e os Reis Magos son clásicos. Este ano, as Súas Maxestades aparecen dúas veces e fan unha parada diante do neno.



### Museo Pezas únicas

O museo do belén recolle construcións e figuras, unha réplica do nacemento orixinal ou a primeira maquinaria empregada neste.

feitas por el, coma a Muralla de Lugo ou a Fonte dos Leóns, para o nacemento da Fundación Caixa Galicia na capital lucense.

E a colección artística non remata aí, posto que as paredes do



### Visitas Expectación

Nenos e maiores acoden con ilusión durante dous meses a visitar o belén, individualmente ou en grupo, con colexios ou asociacións.



### Animais Granxa

A presenza animal está espallada por todo o belén: galínas, porcos, ovellas, a cegoña no niño, o esquío subindo a unha árbore...



### Novidades Un hábito

O costume é introducir novidades todos os anos, tanto na distribución do nacemento coma nas figuras que o compoñen.



### Lugo Muralla

O museo amosa por primeira vez pezas feitas por Joselín para o belén de Caixa Galicia de Lugo, coma a Muralla ou a Fonte dos Leóns.

museo son un catálogo de obras de arte, ó amosar alguns dos cadros premiados ó longo das máis de 20 edicións que xa contabiliza o Certame Galego de Arte José Domínguez Guizán.